




Concello de Ribeira de Piquín



Expediente núm.: 183/2025

Acta do 2º exercicio (proba práctica) da fase de oposición

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

En Ribeira de Piquín (Lugo), a 29 de xaneiro do 2026.

Reunidos nas Antigas Escolas de Chao de Pousadoiro (Ribeira de Piquín, Lugo), ás 12.00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador que se constitúe para a realización e valoración do segundo exercicio práctico da fase de oposición (proba práctica), entre os/as aspirantes incluídos/as na lista definitiva de admitidos/as do proceso de selección que superasen o primeiro exercicio teórico (tipo test) da fase de oposición, para a cobertura en propiedade, dunha praza de Operario/a de Servizos-Fontaneiro, correspondente á oferta de emprego público para o ano 2025 do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo), segundo convocatoria e bases aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local, reunida en sesión ordinaria do 30/09/2025 e publicadas integramente no BOP de Lugo núm. 232, do 09/10/2025, así como anuncio da convocatoria no DOG núm. 209, do 29/10/2025 e BOE núm. 259, do 28/10/2025, polo que respecta á publicidade da convocatoria.

Vista a Resolución de Alcaldía núm. 2026-002, do 02/01/2026, rectificada por Resolucións de Alcaldía 2026-003, do 02/01/2026 e 2026-008, do 07/01/2026, mediante a que se acorda nomear o Tribunal cualificador para o proceso selectivo indicado e convocar ó Tribunal de valoración para a realización e avaliación da proba práctica (segundo exercicio) da fase de oposición, para o xoves 29/01/2026, ás 11. 00 horas.

1) Ás 12.15 horas, na nave municipal do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo), reúnese o órgano de selección, coa asistencia que se indica:

Presidente	D. Juan Hernando Rosa Ruiz, Secretario-Interventor da Agrupación de Concellos de Bóveda e O Incio (Lugo).
Secretaria	Dña. María del Pilar Tella Mazoy, Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).



Concello de Ribeira de Piquín



Vogais	D. Javier Río Fernández, Electricista do Concello de Vilalba (Lugo)
	D. Medardo Monteagudo López, Oficial de 1ª Fontaneiro do Concello de A Fonsagrada (Lugo).
	Dª. María Cristina Camba Gómez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Bóveda, Lugo).

Vista a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ó citado proceso selectivo, aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 2026-002, do 02/01/2026, rectificada por Resolucións de Alcaldía 2026-003, do 02/01/2026 e 2026-008, do 07/01/2026 e publicada no BOP de Lugo núm 45, do 07/01/2026.

Vista a base 7ª das bases reguladoras do citado proceso selectivo, en relación co sistema de selección e desenvolvemento do proceso, onde se indica:

"PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O proceso de selección dos aspirantes constará das seguintes fases:

- Oposición.
- Concurso.

FASE DE OPOSICIÓN:

A fase de oposición será posterior á do concurso. Consistirá na realización de dous probas de aptitude eliminatorias e obrigatorias para os/as aspirantes.



Concello de Ribeira de Piquín



Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único. Serán excluídos/as da oposición os/as que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento, o Tribunal poderá requirirllles aos/as opositores/as que acrediten a súa personalidade.

Os/as candidatos/as deberán acudir provistos/as do DNI ou, na súa falta, do pasaporte ou do permiso de conducir.

Con carácter previo á fase de oposición, o Tribunal procederá a valorar os méritos dos/as aspirantes que presentasen solicitude e estean definitivamente admitidos no proceso selectivo.

O exercicio das probas será obrigatorio e eliminatorio, cualificándose ata un máximo de 10 puntos por cada exercicio. Serán eliminados os aspirantes que non acaden un mínimo de 5 puntos (en cada un dos exercicios). A puntuación de cada un dos exercicios acadarase calculando a media aritmética das puntuacións outorgadas por cada un dos membros do Tribunal.

Os exercicios da oposición serán os seguintes:

.....
.....

B) SEGUNDO EXERCICIO: Práctico, obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización de dúas probas prácticas propostas polo Tribunal e que tratarán sobre as actividades propias a desempeñar e segundo o temario (específico) do Anexo I das presentes bases. O tempo de realización deste exercicio non superará os 20 minutos.

Valoraranse neste exercicio as destrezas e coñecementos amosados polos/as aspirantes na resolución do problema, o resultado final acadado e o tempo empregado.

Este exercicio cualificarase polo Tribunal ata un máximo de 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo."



Concello de Ribeira de Piquín



2) Ás 12.15 horas, na nave municipal do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo), cítanse ás persoas aspirantes que superasen o primeiro exercicio (tipo test) da fase de oposición, ao efecto de proceder á realización do segundo exercicio de carácter práctico (proba práctica), que amosa o seguinte resultado:

DNI	APELIDOS E NOME	SEGUNDO EXERCICIO: EXAME PRÁCTICO
***4801**	DORADO CORSINO, VÍCTOR	NON PRESENTADO/A
***5142**	LÓPEZ FELIPE, RUBÉN	10,00

3) Á vista das puntuacións obtidas nos dous exercizos da fase de oposición e da suma dos méritos da fase de concurso, o resultado do proceso selectivo é o seguinte:

APELIDOS E NOME	N.I.F.	FASE DE CONCURSO	EXAME TEÓRICO (TIPO TEST)	EXAME PRÁCTICO	PUNTUACIÓN TOTAL
DORADO CORSINO, VÍCTOR	***4801**	1,70	5,80	NON PRESENTADO/A	7,50- NON APTO/A
LÓPEZ FELIPE, RUBÉN	***5142**	2,25	8,80	10,00	21,05

4) Visto o resultado do proceso selectivo, o Tribunal cualificador propón como aprobado, por obter a máxima puntuación de tódolos aspirantes, xa que o número de aprobados non poder superar o número de prazas convocadas, segundo a Base 9ª das Bases polas que se establecen as normas reguladoras do Proceso selectivo, ó seguinte aspirante:



Concello de Ribeira de Piquín

López Felipe, Rubén

E eleva ó Sr. Alcalde do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo) proposta do seu nomeamento como traballador desta Corporación.

Acórdase, por unanimidade dos membros do Tribunal presentes, abrir un prazo de alegacións contra estas valoracións de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación dos presentes resultados nos taboleiros físico e electrónico deste Concello (<https://concellodeboveda.sedelectronica.es>), rematando o prazo o martes 03/02/2026 ás 23:59 horas. No caso de existir algunha/s alegación/s, o tribunal de valoración queda automaticamente convocado, de xeito telemático, para a resolución desta/s o xoves 05/02/2026 ás 10:15 horas.

E para a debida constancia de todo o actuado, esténdese a presente acta, por duplicado exemplar, en Ribeira de Piquín (Lugo), a 29 de xaneiro de 2026, asinándose por tódolos membros do tribunal de selección.

JUAN HERNANDO ROSA RUIZ

M^a DEL PILAR TELLA MAZOY

M^a CRISTINA CAMBA GÓMEZ

JAVIER RÍO FERNÁNDEZ

MEDARDO MONTEAGUDO LÓPEZ